

**ACTA NUMERO TRINTA E UNHA DAS CELEBRADAS
POLA CORPORACIÓN MUNICIPAL EN PLENO DESTE
CONCELLO EN SESIÓN ORDINARIA O DÍA VINTE E
CINCO DE XANEIRO DE DOUS MIL DEZ : - - - - -**

=====

PRESIDENTA:

D^a. Catalina González Bea

CONCELLEIROS/AS:

D. Salvador Duran Bermúdez
D^a M^a Paz Lago Martínez
D. Angel Casal Moldes
D. Constantino Sanmartín Quiñones
D^a Almudena Aguín Fernández
D. Manuel López Méndez
D. Martín Otero Otero
D. David Otero Domínguez
D^a Sandra Fernández Agraso
D^a Gloria González Camiña
D. Albino Caneda González
D^a M^a Dulcinea Aguín Pombo
D. José-Ramón López Fernández
D. Manuel Lores Puente
D. José-Luis Rodríguez Lorenzo

NON ASISTE:

D^a Susana Fernández Trelles

SECRETARIO :

D. Ángel – Luis López Pita.

=====

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Sanxenxo, sendo as vinte horas e trinta minutos do día vinte e cinco de xaneiro de dous mil dez, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa D^a. CATALINA GONZÁLEZ BEA, reuníronse no Salón de Sesións os/as Sres/as. Concelleiros/as que ao marxe se relacionan co fin de celebra-la sesión ordinaria da Corporación Municipal en Pleno deste Concello, convocada para o día de hoxe en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta e pública a sesión ao obxecto de trata-los asuntos incluídos dentro da Orde do Día da convocatoria.-----

A) PARTE DISPOSITIVA :

ACTA ANTERIOR :

358 : APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN REALIZADA O 30 DE NOVEMBRO DE 2009: Pola Sra. **Presidenta** pregúntaselle aos asistentes á sesión se teñen que formular algunha observación á acta que sométese a aprobación.

Ao non se formular ningunha observación, aprobouse a referenciada acta por unanimidade dos membros da Corporación presentes.-----

359 : RENUNCIA DE D^a SUSANA FERNÁNDEZ TRELLES, CONCELEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO PP. Polo Sr. **Secretario** indícase que ao expediente debe unirse a declaración sobre causas de incompatibilidade e de intereses patrimoniais da concelleira renunciante, non presentada a día de hoxe, e dáse conta do dictame da Comisión de Estudo, Informe ou Consulta de Asuntos Xerais que literalmente di:

“””””2º) **RENUNCIA DE D^a. SUSANA FERNÁNDEZ TRELLES, CONCELEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO P.P.:** Dáse lectura ó escrito presentado o día 15 de Xaneiro actual, no Rexistro Xeral de Entrada do concello ó Núm. 237, subscrito pola Concelleira do Grupo Político “**Partido Popular**”, dirixido á Sra. Alcaldesa – Presidenta, do tenor literal seguinte:

“””Sra. Alcaldesa – Presidenta do Concello de Sanxenxo.- D^a. SUSANA FERNÁNDEZ TRELLES, con enderezo na Calle Vilar, nº 20 – Vilalonga, Nº D.N.I. 35.306.188-S, expoño : Que por motivos Personales he decidido presentar mi dimisión del cargo de Concejala del Concello de Sanxenxo, y renunciar al acta de Concejala.- Solicito : Que previos os trámites que o caso requira me conceda o anterior nos termos expostos.- En Sanxenxo a 15 de Enero.- Asinado : legible : Susana.- Rubricado”””

(O escrito preséntase en impreso modelo de solicitudes do Concello)

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais acorda darse por enteirada e que se traslade tal escrito ó Pleno Municipal para súa toma de razón, e seguir os trámites legais para cubrir a vacante que se produce por tal renuncia.”””

Non se produce debate e a Corporación Municipal dáse por enteirada da **renuncia** da **Sra. Fernández Trelles** ao seu cargo de concelleira e acorda, pola unanimidade dos seus membros presentes, remitila á Xunta Electoral Central co obxecto de que se proceda á expedición da credencial de concelleiro a favor do integrante da candidatura do **Grupo Municipal do Partido Popular (PP)** co posto **nº 10** que é **D. MARIO CALDAS AGÍS.**”””””---

360: SOLICITUDE DE BONIFICACIÓN DO 95% DO ICIO, LIQUIDACIÓN 691/09 DE ALFONSO PINTOS PARADA, CONSTRUCCIÓN NICHOS NO CEMITERIO DE DORRÓN. Polo Sr. **secretario** dáse conta do dictame da Comisión de Estudo, Informe ou Consulta de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio que literalmente di:

“””””2.- **SOLICITUDE DE BONIFICACIÓN DO 95 % DO I.C.I.O., LIQUIDACIÓN Nº 691/09 DE ALFONSO PINTOS PARADA, CONSTRUCCIÓN NICHOS NO CEMITERIO DE DORRÓN.**- Dase lectura á proposta da alcaldía que, copiada literalmente di:

“Con data 04.12.09 (Rexistro de entrada 8718) D. Alfonso Pintos Parada e outros solicitaron unha bonificación no I.C.I.O., en relación coa solicitude de licenza para a construción de 160 nichos (Expte. 393/09) no cemiterio municipal de Dorrón, que foi asumido en virtude de convenio asinado entre o Concello

363 : MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG) SOLICITANDO SE CUMPLA A LEI DE IGUALDADE NO CONCELLO DE SANXENXO (R. DE ENTRADA NÚM. 513 DO 25.01.10): Pola concelleira do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, D^a Sandra Fernández Agraso, dáse lectura da moción que literalmente di :

“”””Dna. Sandra Fernández Agraso, concelleira do Grup Municipal do **Bloque Nacionalista Galego (BNG)** no Concello de SANXENXO

EXPÓN:

Con data 29 de Xullo do 2.008 , aprobouse o II Plan de Igualdade do Concello de Sanxenxo.

Xa naquel entonces na sesión Plenaria, o BNG, cualificaba este Plan como unha mera declaración de intencións, recondándolle ao goberno local do Partido Popular que incumpría a garantía de unha composición paritaria de homes e mulleres nos tribunais dos procesos selectivos da administración local, así mesmo, incumpría a lei de igualdade nos Consellos de Administración de Nauta Sanxenxo, S.L. e noutras sociedades mercantís municipais.

O II Plan de Igualdade do concello de Sanxenxo, no seu punto 1.7 manifesta textualmente:

1.7 Garantir unha presenza igualitaria de ambos sexos nos tribunais selectivos da Administración Local.

Vemos que ano e medio despois da aprobación do II Plan de igualdade, todos os tribunais de contratación de persoal no concello de Sanxenxo constituídos ate a fecha, nunca dispuxeron de dunha composición paritaria, chegando xa ao absurdo, á violación total do devandito Plan, no último proceso de selección, correspondente á selección dun Notificador-subalerno interino, onde o tribunal cualificador estaba formado unicamente e exclusivamente por homes.

Así mesmo, dende o BNG, consideramos que é responsabilidade do goberno local promover un asociacionismo igualitario. Que dende a administración local se lles recomende a aplicación da lei de igualdade ás distintas asociacións, así como a elección de directivas paritarias para así avanzar nunha sociedade participativa igualitaria.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do BNG solicita que o Pleno da Corporación adopte os seguintes

ACORDOS:

*** Que se cumpra a lei de igualdade dentro da propia administración local.**

*** Que se promova o cumprimento da devandita lei no ámbito social.”””””**

A **Sra. Fernández Agraso** xustificou a urxencia da moción pola necesidade de emendar erros no desenvolvemento do Plan de Igualdade do concello.

A **Sra. Presidenta** someteu a votación a declaración da urxencia da moción que aprobouse pola unanimidade dos membros da Corporación presentes.

A **Sra. Fernández Agraso** indicou que debían procurarse tribunais igualitarios de selección de persoal municipal pois nas últimas convocatorias non figuraba ningunha muller, así como estimular desde o concello a presenza de mulleres nas directivas das sociedades para

evitar que se considere o Plan de Igualdade como un mero panfleto.

A **Sra. Alcaldesa** non estaba dacordo co calificativo de panfleto para o Plan de Igualdade posto que amosaba unha falta de respecto por tódalas persoas que traballaron na súa redacción, en cambio si quería que este Plan se cumprise para o que debíase seguir traballando e, nese senso, votarían a favor da moción, se ben manifestou que o concello tiña que cumprir a normativa na composición dos tribunais de selección de persoal e as veces era moi difícil conseguir esa composición paritaria.

A continuación a **Sra. Presidenta** someteu a moción a votación na que, pola unanimidade dos membros da Corporación presentes, resultou aprobada nos termos mais arriba transcrita.-----

364 : MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG) SOLICITANDO QUE SE INSTE Ó GOBERNO DE ESTADO PARA QUE SE RETIRE A PROPOSTA DO INCREMENTO DO IVE (R. DE ENTRADA NÚM. 8542 DO 30.11.09): Polo voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, **D. David Otero Domínguez**, dáse lectura da moción que literalmente di :

“””D. David Otero Domínguez, portavoz do Grupo Municipal do **Bloque Nacionalista Galego (BNG)** no Concello de SANXENXO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A profunda crise do modelo económico neoliberal que veu impulsando o PP e o PSOE nos últimos anos, máis alá dos aspectos relativos á crise financeira, evidencia unha crise do modelo fiscal que se veu aplicando, e mostra os límites dunha forma regresiva e pouco igualitaria de entender a política fiscal.

Así, as políticas do PSOE e do PP foron na dirección de eliminar os aspectos progresivos da fiscalidade: aumentáronse fortemente os impostos regresivos como o IVE e os impostos especiais (carburantes, alcohol e tabaco) e, pola contra, reduciuse a importancia dos impostos directos, como o IRPF, Sociedades, Patrimonio, etc. O último exemplo témolo nos Orzamentos Xerais do Estado, onde o Goberno propón incrementar o IVE normal e reducido. O BNG opúxose de xeito rotundo á subida no IVE, por se tratar dun imposto de carácter indirecto, que non ten en conta as circunstancias económicas das persoas contribuíntes e que sobre todo repercutirá nas clases medias e traballadoras. Ademais, penaliza ás rendas baixas, pois son as que destinan unha maior porcentaxe da súa renda ao consumo. Exemplos anteriores nesta mesma liña son os seguintes:

- Rebaixa continuada do tipo máximo do IRPF até situalo no actual 43%.
 - Rebaixa dos gravames sobre as rendas do capital (plusvalías, dividendos e intereses).
- Ademais, nos últimos anos eliminouse a distinción entre as plusvalías xeradas no mesmo ano (normalmente especulativas) e as rendas xeradas en períodos máis longos.
- Creación de réximes de verdadeiro paraíso fiscal para os investimentos das grandes fortunas, como por exemplo as SICAV (Sociedades de Investimento de Capital Variábel), que teñen un tipo do 1%.
 - Supresión do Imposto de Patrimonio.
 - Desregulación financeira no plano internacional, que permitiu a aparición de canles cada vez máis amplas para a evasión e a fraude fiscal.
 - Relaxamento da inspección tributaria, que permitiu a extensión de grandes bolsas de fraude que afectan sobre todo ás rendas do capital e ao IVE.

Estas reformas foron presentadas como unha redución de impostos para todos e todas. Na práctica, estas reducións beneficiaron maioritariamente ás persoas máis ricas. As rendas medias e baixas non viron reducidos os seus impostos, senón que incluso os viron aumentados pola vía do

aumento dos impostos indirectos e o salto de tramo no IRPF polo efecto da inflación.

Polo tanto, o problema non son os supostamente altos impostos, senón como estes están distribuídos na sociedade. Practicamente todos os países da UE con maior renda per cápita que a galega e a española teñen tamén unha maior presión fiscal. Débese aspirar a ter unha presión fiscal que permita ás administracións dispor de recursos suficientes que garantan a suficiencia financeira dos concellos e que permitan impulsar políticas que favorezan a cohesión social e polo tanto, garantan uns servizos públicos de calidade: educativos, sanitarios, pensións, servizos sociais, redes viarias, transportes colectivos, de promoción cultural, etc.

Existe tamén unha correlación positiva entre presión fiscal e cohesión social. Así, os tres países europeos con maior presión fiscal son os que teñen uns maiores niveis de igualdade social. Parece que os partidos que demanda unha redución xeneralizada de impostos teñen como referente a Eslovaquia, Lituania ou Romanía, os tres países con menor presión fiscal da UE, aínda que son máis coñecidos polas súas desigualdades e o baixo nivel de desenvolvemento.

Parellamente ás modificacións fiscais regresivas dos últimos anos, en Galiza e no Estado Español incrementáronse as desigualdades, e estas están na raíz da crise actual, posto que a baixa capacidade de compra das rendas modestas constitúe un freo á expansión da demanda e o consumo. Así, a fiscalidade debe ser entendida non só con finalidade recadatoria, senón como un instrumento clave para revisar o modelo de crecemento e fomentar a cohesión e a loita contra as desigualdades sociais. Polo tanto, é o momento de acometer unha reconsideración do conxunto do sistema fiscal para darlle coherencia, reequilibrar o peso dos impostos directos e indirectos e recuperar o seu carácter progresivo, de maneira que unha ampla maioría social, nomeadamente a clase traballadora e media, sexa beneficiada de tal reforma.

Por todo iso, sométese á consideración do Pleno a aprobación do seguinte

ACORDO

Ínstase á Xunta de Galiza a que demande do goberno do Estado a retirada da proposta de incremento do IVE contemplada nos Orzamentos Xerais do Estado, e presente unha nova proposta onde non se incrementen os impostos indirectos, e se dote ao sistema tributario de maior progresividade. Polo tanto, que se acometa unha reforma fiscal baixo os principios de progresividade, equidade e xustiza tributaria, que implique unha menor presión fiscal para as rendas medias e baixas, e maior presión fiscal ás rendas máis altas, e implique tamén gravar con maior progresividade as rendas procedentes do capital e de actividades especulativas, así como a adopción de medidas efectivas contra a fraude e a evasión fiscal.”””””

O **Sr. Otero Domínguez** xustificou a urxencia da moción sinalando que non se pudo tratar no anterior pleno pola limitación imposta no Regulamento Orgánico ao número de mocións que podía presentar cada grupo político pero que a realidade seguía sendo a mesma coa persistencia dunha crise orixinada nun modelo especulativo que debía cambiarse e para elo, en primeiro lugar, tiñan que tomarse medidas de carácter social, como as que propoñen na moción.

A **Sra. Presidenta** someteu a votación a declaración da urxencia da moción que aprobouse pola unanimidade dos membros da Corporación presentes.

O **Sr. Otero Domínguez** reiterou os argumentos expostos na moción e na xustificación da urxencia.

A **Sra. Alcaldesa** indicou que votaría a favor dos acordos propostos, aínda que non compartían algúns dos termos da moción como a mención feita nela ao Imposto de Sucesións.

A **Sra. Agúin Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista**, anunciou que votarían en contra posto que o goberno estatal realizou un gran traballo incrementando os gastos de

carácter social como a ampliación da cobertura por desemprego ou a inclusión na mesma dos traballadores autónomos e agora correspondía realizar un esforzo fiscal que permitira dispor dos ingresos que garantan os gastos sociais.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, subliñou que había que dar a razón cando se tivese e agora votaría a favor da moción do BNG, aínda que éste, no seu día, non fixo o mesmo cando el presentou a moción sobre o Imposto de Transmisións. Engadiu que o feito de que o goberno realizara no seu día ben determinadas cousas non xustifica que agora non apoie esta moción.

O **Sr. Otero Domínguez** manifestou o seu desacordo expreso co feito de que as herdanzas mais altas non tributen.

A **Sra. Alcaldesa** aludiu a que o maior desamparo social era o desemprego dos cidadáns.

A continuación a **Sra. Presidenta** someteu a votación a Moción, resultando aprobada pola maioría absoluta dos membros de dereito da Corporación, segundo o seguinte resultado :

Votos a favor : doce (Grupo Municipal do PP, Grupo Municipal do BNG e Grupo Municipal Mixto).

Votos en contra : tres (Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo).

Votos pola abstención : cero.-----

365: MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE SANXENXO SOLICITANDO A COLOCACIÓN DUNHA ILLA DE CONTEDORES SUBTERRÁNEOS EN BALTAR (R. DE ENTRADA NUM. 7777 DO 09/11/09). Pola **Sra. Agúin Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista**, dáse lectura á moción que literalmente di:

“”””O Grupo Municipal Socialista (PsdeG-PSOE) no Concello de Sanxenxo atrávas da súa voceira Dulcinea Agúin Pombo e ó abeiro do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (Real Decreto 2568/1986) presente ante o Pleno da Corporación Municipal a seguinte **MOCIÓN**

En Baltar, grazas o Plan ó Fondo Estatal de Investimento Local aprobado polo Goberno de Zapatero, estase levando a cabo as obras de servizos urbanos e pavimentación. Despois desta forza inversión cremos que é necesario que se complete o cambio de imaxe de Baltar instalando unha illa de contenedores subterráneos que impidan dar unha mala imaxe como a da agora e por outra banda eliminar olor putrefacto que emanan e a acumulación de basura no seu arredor como acontece moitas veces.

Este Concello nestes últimos anos invirteu moito cartos na colocación de illas de contenedores en diferentes zonas non sempre primando as de maior necesidade tendo en conta o número de habitantes do lugar durante todo o ano, polo cremos que para Baltar é prioritario a colocación dunha illa de contenedores.

Por todo elo, solicitamos ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte **ACORDO**:

1. Que por parte da Concellalía de Servizos e Medio Ambiente do Concello de Sanxenxo se leve a cabo a colocación dunha illa de contenedores subterráneos en Baltar. ”””””

A Sra. Aguín Pombo xustificou a urxencia por considerar que nesta data están case rematadas as obras de urbanización de Baltar e que vendríalles moi ben a instalación dunha illa de contedores.

A Sra. Presidenta someteu a votación a declaración da urxencia da moción que aprobouse pola unanimidade dos membros da Corporación presentes.

A Sra. Alcaldesa amosouse a favor da moción porque non compromete tempos para a súa execución e, así, realizárase cando sexa posible, precisando que o custo de implantación destas illas soterradas non podía financiarse con cargo a obra incluída no Fondo Estatal porque a mesma xa atópase practicamente rematada e pendente a súa xustificación da derradeira certificación.

O Sr. Rodríguez Lorenzo, voceiro do Grupo Municipal Mixto, aludiu a que non deberían referirse ao goberno estatal co apelido do seu presidente, xa que é un goberno para tódolos cidadáns. En canto ao fondo do asunto aludiu á situación deficiente en que atopáanse as zonas sinaladas na moción, caíndo no feísmo, polo que, sería necesario realizar algún esforzo para remedialo.

A Sra. Aguín Pombo pediu que se vira con atención onde se ubican as illas de contedores xa que débense ter en conta se viven veciños nas inmediacións, producíndose a continuación unha breve discusión entre a **Sra. Aguín Pombo** e a **Sra. Alcaldesa** sobre a ubicación da illa de contedores na Florida en Sanxenxo, en comparación coa ubicación posible en Baltar.

A continuación a **Sra. Presidenta** someteu a moción a votación na que, pola unanimidade dos membros da Corporación presentes, resultou aprobada nos termos mais arriba transcrita.-----

366: MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE SANXENXO SOLICITANDO SE ARRANXE A AVDA. DOS LOUREIROS EN PORTONOVO (R. DE ENTRADA NUM. 466 DO 22/01/10). Pola **Sra. Aguín Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista** dáse lectura á moción que literalmente di:

””””O PLENO DO CONCELLO DE SANXENXO

O Grupo Municipal Socialista (PsdeG-PSOE) no Concello de Sanxenxo a través da súa voceira Dulcinea Aguín Pombo e ó abeiro do desposto nos artigos 91.4m e 97 do Regulamento de Organización e Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (Real Decreto 2568/1986) presenta ante o Pleno da Corporación Municipal a seguinte

MOCIÓN

Os veciños de Portonovo, concretamente os que residen na zona do Seame, na Avda. dos Loureiros, veñen demandando dende fai moito tempo o asfalto da rúa e as canalizacións das augas pluviais da devandita rúa. Hoxe en día parece máis a rúa dunha aldea lonxana que unha rúa céntrica de Portonovo, en pleno casco urbán.

Os veciños veñen demandando dende fai moito tempo, presentando máis de 300 firmas,

solicitando ó grupo de goberno o arranxo da rúa sen que ata a data se levase a cabo ningún tipo de actuación a día de hoxe.

A Avda. dos Loureiros é unha rúa moi habitada de Portonovo e moi transitada porque finaliza na praia de Canelas.

Por todo elo, solicitamos ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte

ACORDO:

1. Que por parte da Concellalía de Infraestructuras do Concello de Sanxenxo se proceda o arranxo da devandita rúa. """"""

A **Sra. Aguíñ Pombo** xustificou a urxencia pola demanda reiterada do arranxo da rúa polos veciños, engandido que, aínda que a moción non ten un prazo de execución, a considera prioritaria.

A **Sra. Presidenta** someteu a votación a declaración da urxencia da moción que aprobose pola unanimidade dos membros da Corporación presentes.

A **Sra. Aguíñ Pombo** reiterou os arugmentos expostos na moción e na súa anterior intervención.

A **Sra. Alcaldesa** indicou que votaría a favor porque non sinalábanse prazos e que non só se debe proceder ao asfaltado senón a unha urbanización en condicións para o que os veciños deberán realiza-las oportunas cesións. Tamen amosou o seu orgullo polo feito de que esta zona agora se vexa mal cando, no seu día, non era así, o que é consecuencia da comparación coas obras de urbanización recentemente realizadas.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, logo de anunciar o voto favorable á moción, subliñou que era a terceira vez que este asunto ven ao pleno, sen que, aínda, se resolvese.

A continuación a **Sra. Presidenta** someteu a moción a votación na que, pola unanimidade dos membros da Corporación presentes, resultou aprobada nos termos mais arriba transcrita.-----

367: MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE SANXENXO SOLICITANDO SE SUBSANEN AS DEFICIENCIAS NAS DIFERENTES PRAIAS DO CONCELLO (R. DE ENTRADA NUM. 467 DO 22/01/10). Pola **Sra. Aguíñ Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista**, dáse lectura á moción que literalmente di:

""""O PLENO DO CONCELLO DE SANXENXO

O Grupo Municipal Socialista (PsdeG-PSOE) no Concello de Sanxenxo a través da súa voceira Dulcinea Aguíñ Pombo e ó abeiro do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización e Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (Real Decreto 2568/1986) presenta ante o Pleno da Corporación Municipal a seguinte

MOCIÓN

O que está claro para os veciños de Sanxenxo e para tódalas persoas que nos visitan é a beleza e a calidade das praias de todo o Concello. Tamén é certo que nos últimos anos por parte do Concello de Sanxenxo fíxose un gran esforzo en manter limpos as nosas praias así como a calidade das

nosas augas. Tamén é de moito orgullo residir nun Concello que ten o maior número de bandeiras azuis de toda España.

Por outro lado non podemos esquecernos que un número importante de turistas nos visitan pola calidade das nosas praias e iso conleva que ano tras ano teñamos que melloralas.

O PsdeG-PSOE de Sanxenxo visitou na primavera do ano pasado nosos areais para ver a situación na que se atopaban os mesmos antes de recibir os miles de turistas que nos visitaban anotando tódalas deficiencias que atopábamos en cada unha delas. Deixamos pasar o verán e volvimos a visitar un por un e podemos comprobar que a maioría das deficiencias estaban sen subsanar. (Adxuntamos as deficiencias e fotografías de cada unha delas).

En pleno mes de Xaneiro de 2010 presentamos esta moción na que anotamos as deficiencias que consideramos que teñen os nosos arenais, adxuntando fotografías das mesmas.

Noso interés é que as nosas praias estén nas mellores condicións posibles e presten os maiores servizos.

Por todo elo, solicitamos ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

ACORDO:

1. Que se leve a cabo a subsanación das deficiencias detectadas nas diferentes praias do Concello coa finalidade de que nosas praias estén nas mellores condicións posibles e gocen dos mellores servizos.”””””

A **Sra. Aguíñ Pombo** xustificou a urxencia no feito de que, recoñecendo o esforzo realizado na adecuación das praias e a consecución das bandeiras azuis, aínda existen as deficiencias que denunciaban e estaban pendentes de correxir.

A **Sra. Presidenta** someteu a votación a declaración da urxencia da moción que aprobouse pola unanimidade dos membros da Corporación presentes.

A **Sra. Aguíñ Pombo** reiterou os argumentos da moción e os expostos na súa anterior intervención.

A **Sra. Alcaldesa** sinalou que votarían a favor da moción posto que as praias requirían coidados constantes dado que en moitas ocasións actuabase con materiais non perdurables que obrigan anualmente a súa renovación, informando, ademais, que estaba xa en marcha o proxecto para as bandeiras azuis desta tempada.

A continuación a **Sra. Presidenta** someteu a moción a votación na que, pola unanimidade dos membros da Corporación presentes, resultou aprobada nos termos mais arriba transcrita.-----

368: MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO SOLICITANDO UN ESTUDO SOBRE O TURISMO (ALOXAMENTOS TURÍSTICOS, VISITANTES...) (R. DE ENTRADA NUM. 7695 DO 05/11/09). Polo **Sr. Rodríguez Lorenzo, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, dáse lectura á moción que literalmente di:

“””””JOSÉ LUIS RODRIGUEZ LORENZO representante en la Corporación, del partido político VIPS (Vecinos Independientes Por Sanxenxo), manifiesta

Partiendo de una metodología basada en datos oficiales proporcionados o extraídos de los ayuntamientos pero sin esa técnica que nos lleve a detallar de una forma perfecta todos ellos, aunque sí correcta, las mediciones para los cálculos que nos permiten aseverar al cien por cien lo expuesto. Nos atrevemos a afirmar, en referencia a Sanxenxo, lo que a continuación se expone, producto de un estudio llevado a cabo.

Manifiestan los entendidos que el turismo de segunda residencia no puede ser considerado un producto turístico per se, pero que los “graves desequilibrios que producen en sus lugares de destino alteran de forma sustancial el modo de vida del lugar y que cuando se produce en masas, también debemos contabilizarlo como turismo.

Además se debe tener en cuenta, que se considera turista de segunda residencia, aquel que se desplaza de la habitual, para residir en la segunda, como mínimo 24 horas., menos de ese tiempo tiene el calificativo de excursionista. También debemos calificar como turistas aquellos que ocupan ocasionalmente viviendas compradas en búsqueda de plusvalías, o estando de alquiler temporal.

En Sanxenxo, como en otros muchos lugares, tenemos una gran cantidad de alojamientos privados que no se ajustan a la definición de “establecimientos”, pero que si los estudiamos detenidamente, en los mismos, pernoctan muchas mas personas consideradas potencialmente turistas (24 horas, o mas de permanencia), pagando, invitados, como segunda vivienda, etc, los cuales en muchas épocas superan a la propia hostelería en ocupación, especialmente durante los veranos. Sanxenxo es uno de los exponentes más importantes de dicha vertiente del turismo.

Otro flujo turístico a tener en cuenta, aunque menor, empezó a florecer en nuestro municipio desde que en el verano del año 1998 comenzaron a pernoctar personas en los puntos de amarre del puerto de Sanxenxo, (aun eran los comienzos), además de los pocos que ya lo hacían en las embarcaciones en puntos de amarre por el resto de la costa del municipio, incluido el de Portonovo. En todo caso son cantidades insignificantes y que no vale la pena introducir en el presente. Ahora mismo tenemos muchos puertos deportivos en España (empezaron en los años 70 por Alicante) en los cuales los barcos son residencia fija de sus “propietarios”.

Sobre lo positivo o lo negativo que tienen estos lugares turísticos, son tantas y tan variadas, en función de sus particularidades que solo nos atrevemos a citar algunas y cada cual que extraiga sus propias conclusiones:

- * Incrementa los puestos de trabajo.
- * Influencia sociocultural positiva en las zonas turísticas.
- * Mejora de infraestructuras y servicio, en la mayoría de los casos forzadas por la demanda de los ciudadanos.
- * Según estudios, los visitantes pueden ser considerados como conquistadores, con presencia de tensiones y conflictos por una parte minoritaria de la población.
- * Beneficios económicos importantes, frecuentemente, poco repartidos.
- * Impactos ambientales casi siempre negativos imputables, en la mayoría de los casos, por la desidia más o menos tolerada por parte de los poderes públicos, principalmente municipales.
- * Apropiación de espacios naturales y eliminación de paisajes- Depende mucho de las corporaciones municipales.
- * Gastos más elevados por la temporalidad.
- * Conocimiento del municipio y proyección de su imagen en el exterior.
- * Incremento del valor del suelo y de la vivienda en su doble vertiente, la del acrecentamiento para los vecinos de la zona y la del estímulo que representa al crear espesativas de creación de nuevas actividades al producirse flujos importantes de riqueza.

Lo que nadie pone en duda es que el turismo es una de las industrias mas importantes del mundo, tanto en su vertiente económica como en la generación de puestos de trabajo, y por supuesto en de Sanxenxo, referente turístico en nuestra comunidad en este campo, a partir de ahí lo que debemos es darle el trato adecuado a dicha industria para que pueda llevar adelante una actividad sostenible en lo económico para su sostenibilidad, sin interferir demasiado en la naturaleza, cuidando el medio ambiente, etc. No olvidemos que Sanxenxo empezó a ser turístico gracias al enclave en el que está situado, sus costas vírgenes, sus playas, su rural precioso, su clima, etc, en resumen, por lo que la naturaleza le dio.

En mayoría de los lugares, y Sanxenxo no es una excepción, aumentamos de forma importante la población estacional que se produce durante los meses punta de la temporada turística, como si de aparentar se tratase, muy por encima de la verdad.

Si nos atenemos a datos constatados a través de los diferentes métodos que tenemos para saber cuantas personas pernoctan en el municipio de Sanxenxo durante el verano, llevamos dando datos inexactos al alza tanto tiempo sobre dichas cifras, .

La equivocación es contraria a lo que pregonan muchos de que “el turista produce hasta cuatro veces mas de basura (R.S.U.) que un vecino de todo el año”, eso es un dato falso. Además dicho dato está reñido con los que casi todos los municipios turísticos damos. En España tenemos cientos de municipios en los que se dice de que su población aumenta, (se multiplica varias veces), mientras los que ofrecemos sobre el consumo del agua o la producción de basura, no aumenta en la misma proporción. ¿Será que el veraneante consume o se ducha menos?, ¡nunca más lejos de la realidad!; pero todo tiene una explicación.

Las corporaciones, una tras otra, heredamos datos y los convertimos en el cuento de Caperucita Roja. Nunca nos paramos a reflexionar sobre el tema; y los profesionales se dejan llevar en mayor o menor medida, como se suele decir: “se dejan querer”, todos nos desvivimos para que nuestro municipio sea de los mas apetecibles, el menos afectado en épocas de crisis, el de mayor ocupación porcentual, y lo demostramos con esos datos etc.

Para el cálculo de posibles visitantes, turistas, al igual que para cualquier otro de esta índole, debemos tener en cuenta que no todos los apuntes son fijos; pero las oscilaciones los hacen, en el peor de los casos, en un mínimo tan pequeño que son despreciables; los restantes, por depender del censo municipal, o de lo oficialmente pesado, medido o constatado, están “perfectamente” calculados,

Grupo A.- OCUPACION EN VIVIENDAS:

En Sanxenxo, según estudio realizado por VIPS, tenemos 14.950 viviendas a día de hoy, divididas y ocupada como sigue:

De las mismas, 5.800 viviendas ocupadas por los 17.315 vecinos censados, Una media de 2,97 personas/vivienda.

9.150 vacías, que son ocupadas como residencias de verano, algunos fines de semana y, Semana Santa (para el cálculo de las personas que residen en este grupo de viviendas nos atenemos a los datos facilitados por diferentes estudios que nos dan que suelen estar ocupadas por personas entre 50 y 60 años con capacidad económica media-alta, que suelen disfrutar de las mismas acompañadas de su familia y, que la media es de 4 personas por vivienda. Esto nos lleva que las 9.150 viviendas a una media de 4 personas nos daría una nueva cantidad a sumar de 36.400 personas. VIPS hizo un pequeñísimo muestreo comparativo, en 70 viviendas (10 por parroquias), y nos dio 3,98 habitantes vivienda, por lo que aplicamos las 4 de la media nacional.

Lo que nos da un total en el grupo A de:

Las 9.150 viviendas a una media de 4 personas.....36.400.

Residentes todo el año.....(censo Municipal).....17.315 (Dato a 1.1.2009)
TOTAL..... 53.715 habitantes en verano.

Residentes en barcos**

Personas al servicio de los hoteles, con cama**

G. Civil residiendo**

Médicos de guardia.**

Trabajadores de noche**

** Por ser residentes empadronados; estar menos de 24 horas; solo hacer la guardia de noche o no estar las 24 horas residiendo;: personas que duermen en viviendas anteriormente contabilizadas., etc, no se tienen en cuenta a efectos contables, aunque muchos ya lo están dentro del censo de residentes.

Grupo B.- OCUPACIÓN EN ESTABLECIMIENTOS PROFESIONALES:

Según los últimos datos publicados por el CETS, en Semana Santa del presente año 2009, Sanxenxo contaba con: "Unos 13.000 alojamientos, entre plazas hoteleras y camping" Dato que a VIPS le parece escaso el dato, después de haberlo constatado al alza, (16.988) en la escala que sigue

3.575 habitaciones con comedor....a una media de 2,20 personas.7.865
1.305 habitaciones sin comedor,.....".....2,20 ".....2.871
565 habitaciones en Apartamentos hoteleros.....3,00.....1.695
1.519 parcelas en camping, a una media de.....3.00..... 4.557
TOTALdel grupo"B" (Establecimientos hoteleros profesionales).....16.988

Grupo C: OCUPACIÓN DE OTRO TIPO DE VIVIENDAS:

Hay un dato que a VIPS le es muy difícil de constatar (lo que en zonas se denominan viviendas "b") que algunos calculan en unas 1.300. Son aquellas que se sitúan en áticos; planta baja o planta alta de lo considerado una CATASTRALMENTE única vivienda unifamiliar; práctica muy habitual antiguamente la de hacer dos viviendas, incluso tres, figurando una sola; eran reiteradas las peticiones, de "Licencia para vivienda unifamiliar sobre bajo sin dividir, o, sobre columnas, si cerrar", etc... Realmente son mas (en el caso de las viviendas unifamiliares); pero están ocupadas por personas censadas en el propio municipio, al pasar a residir en las mismas descendientes de los promotores, propietarios, de las mismas, por lo cual esas otras las desechamos pues no es motivo de interferencia en las conclusiones.

Si las 1.300 viviendas denominadas"b", "sin censar", desocupadas, les aplicamos la media de 4 personas veraneando, nos resultan, otras 5.200 personas en el municipio.

Por otra parte tampoco están todas las viviendas y establecimientos hoteleros están ocupados al 100% la totalidad de los días de la temporada, pero nuestro cálculo está basado en un cien por cien de ocupación, algo que en nuestro municipio se produce de vez en cuando.

Resumiendo, en Sanxenxo, en el mejor de los casos residimos en verano 75.903 personas:

Grupo A.....	53.715.....	Viviendas
Grupo B.....	16.988.....	Hoteles y demas establecimientos profesionales.
Grupo C.....	5.200.....	Otro tipo de viviendas.
Total.....	75.903.....	en overbukin

25-06-2009 "D..... presidente del Consorcio de Empresarios Turísticos de Sanxenxo (CETS). El portavoz del colectivo solo se atreve a vaticinar un lleno absoluto para 20 de los 60 días de la época estival, una en la que el municipio multiplica su población por seis"(104.000 personas)

Si le descontamos los 17. 315 vecinos residiendo todo el año, nos da una población visitante mensual (en pleno verano y suponiéndose una ocupación total) de 58.588 personas durmiendo diariamente.

¿De donde sacamos el resto hasta sobrepasar las 100,000 habitantes que llevamos años manifestando que residen diariamente en Sanxenxo durante el verano? Solo podría ser teniendo otras 10.000 viviendas, sin contabilizar, y eso no ocurre. Por lo tanto ese número tan elevado es un

pensar generalizado sin un análisis previo, y en algunos casos algo intencionado ¿“promocionalmente”?

Pero es verdad que muchísimas más de 100.000 personas son las que pasan por Sanxenxo, cada mes, durante la temporada alta dada la renovación constante que se produce al bajar muchísimo los días de permanencia en referencia a años anteriores. Pero “nunca podremos aceptar que en Sanxenxo residan mas 75.903 el día del mes de mas ocupación, del verano, considerando a los turistas y exceptuando a los excursionista o bañistas del día, al menos al día de hoy”

Actualmente la temporada alta en Sanxenxo consta de unos 45 días, en los que la estadía media es normalmente de 7 días, también los hay que permanecen todo el verano, 5 días, o solo los fines de semana.

Nota: los datos no constatables al cien por cien están más bien al alza, por lo que no se puede decir que en Sanxenxo se alberguen más personas de las que aquí figuran 75.903.

Dicho todo lo anterior, nos queda hablar sobre esos consumos que muchos “entendidos” utilizan para hacer ver lo superabundante que su población creció en verano, o simplemente, como dirían algunos mal pensados, para las empresas justificar trabajo, el consumo de agua, el aumento de los R.S.U., (todo esto depende de tipos de contratos efectuados entre las concesionarias y los concellos); y los concellos sus visitantes para presumir de visitantes como si eso nos hiciese “un municipio rico”

Sanxenxo produjo R.S.U. por un tonelaje de 788.700 kilos en el mes de marzo (invierno) del 2009, si se los aplicamos a los 17.315 censados, nos da una media de 45 Kg./mes/habitante (1,5 Kg. diarios). Poco, algo, nos puede influir algún visitante que tengamos durante esas fechas, no lo tendremos en cuenta, tampoco lo haremos, los compensaremos con nuestros estudiantes y trabajadores fuera del municipio, de los cuales muchos solo residen en su vivienda el fin de semana.

Si la media la buscamos en el mes (del verano) que se supone de más ocupación, por ser el de más toneladas, en agosto del 2009 se retiraron 2.111,260 Kg. De Residuos Sólidos Urbanos, lo que nos da una media de 28 Kg. /mes (algo menos de 1 kilo diario), con lo que se produjo una caída de 0,5 kilos por habitante con referencia al invierno. A pesar de que también están incluidos los residuos que producen los miles de excursionista que diariamente visitan nuestras playas y restaurantes, especialmente los fines de semana. Y de tener a la población estudiantil en los domicilios por vacaciones.

Por esta vez, con el agua, en nuestro municipio, preferimos no hacer cálculos por varias cuestiones que nada tienen que ver con el gasto de un ciudadano residente o de turismo en un municipio del interior.

- las personas se bañan mas de una vez al día en los lugares de tantas playas.
- En las propias playas se gastan muchísimos m3 de agua .
- Prohibido o no, se riegan jardines y lavan coches.
- En nuestro municipio tenemos, se puede comprobar desde un helicóptero, muchísimas piscinas que en verano utilizan un inmenso número de m3 de agua,
- Los lavados y engrases de vehículos, gastan cantidades increíbles de agua, pues es un servicio bastante demandado en verano.
- Los miles de excursionistas diarios también promueven un elevado consumo.

Volvamos a los habitantes que es el tema de esta exposición.

Si todos los datos nos apuntan a que en verano el kilo basura diario es inferior por habitante, ¿a que se debe que algunos afirmen que en las zonas turísticas se llega e recoger 4 veces más de basura ,en verano. Podríamos poner muchos municipios Españoles como ejemplo; pero solo lo haremos con dos, que son un reflejo de lo que dicen otros, no todos. Esto se debe: ¡Simplemente a que los habitantes aumentan mucho mas de las cuatro veces;

En todo caso pensamos que alguien se debería preocupar por la realidad de lo que ocurre en muchos municipios españoles, en los que los concellos abonan las toneladas de basura a empresas encargadas de su retirada, por kilogramo; pero que no interviene la administración en el control del pesado o del grado de humedad de la misma cuando llega a la báscula.

Para demostrar que los kilos de RSU. Bajan en verano en cuanto a porcentaje por habitante, pondremos otro ejemplo, el de Benicassim que es un municipio "comparable" a Sanxenxo. Tiene 25.000 habitantes en invierno y 100.000 en verano. Pasando de 35 kilos mes habitante a 26,40 kilo mes habitante en verano. Unas cantidades muy igualadas a las de Sanxenxo.

Como se puede comprobar, el Kg/Habitante baja en los municipios al recibir masivamente veraneantes, lo que convierte la recogida de basuras en un mejor negocio que en aquellos que mantienen una población estable todo el año,(debemos recordar que los R.S.U. se pagan por cuota fija residas o no en la vivienda, o lo que es igual, independientemente de los kilos de basura que produzcas).. Resumiendo, el negocio es que las viviendas cerradas pagan exactamente lo mismo que las que produzcan toneladas al año, por lo que tener un municipio con un número elevado de segundas residencias es un beneficio pues cobras por unos servicios que no das mas que dos o tres meses. Muchos presidentes de corporaciones predicán lo contrario, falta de saber lo que exponen y lo que es una empresas.

RESUMIENDO: HABITANTES DE SANXENXO INCLUIDOS LOS TURISTA, EN VERANO.

3.575 habitaciones con comedor.....a una media de 2,20 personas.	7.865
1.305 habitaciones sin comedor,.....".....2,20	".....2.871
565 habitaciones en Apartamentos hoteleros.....3,00.....	1.695
1.519 parcelas en camping, a una media de.....3.00.....	4.557
17.315 vecinos censados..... 2,97.....	17.315
1.300 viviendas "b".....4.....	5.200
9150 viviendas de al alquiler o segundas residencias.....4	36.400
TOTAL.....	75.903

POR TODO LO ANTERIORMENTE EXPUESTO, SOMETEMOS A LA CONSIDERACIÓN DE LA CORPORACIÓN POR SI LO EXTIMA CONVENIENTE, LA SIGUIENTE

MOCIÓN

QUE SE TOME EL ACUERDO DE QUE SE HAGA UN ESTUDIO ADECUADO DE CUALES SON LOS RECURSOS DE ALOJAMIENTOS TURÍSTICOS DE QUE DISPONEMOS, NÚMERO DE VISITANTES QUE PERNOCTAN EN NUESTRO MUNICIPIO EN DIFENTES REFERENCIAS ANUALES, NO SOLAMENTE DE LA TEMPORADA TURÍSTICA, CON EL FIN DE DISPONER DE DATOS FIABLES, IMPRESCINDIBLES PARA HACER ESTUDIOS TENDENTES A UN ADECUADO DESARROLLO SOSTENIBLE, EN LO SOCIAL, ECONÓMICO Y MEDIAMBIENTAL, DE NUESTRO MUNICIPIO.""""

O **Sr. Rodríguez Lorenzo** xustificou a urxencia na necesidade de adoptar medidas para que non se sega mentindo a hora de determinar o número de persoas que pernoctan no concello.

A **Sra. Presidenta** someteu a votación a declaración da urxencia da moción que aprobose pola unanimidade dos membros da Corporación presentes.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo** reiterou o exposto na moción e engadiu que era de máximo interés saber, coa maior exactitude posible, o número de persoas que pernoctan no termo municipal.

A **Sra. Alcaldesa** sinalou que votarían a favor da moción e que a trasladarían a **“Turismo de Sanxenxo”** engadindo que os datos mais fiables para saber o número de turistas que viñan a Sanxenxo son os procedentes do consumo de auga e de lixo porque o importante é saber o número de turistas que nos visitan.

O **Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do BNG**, logo de sinalar que votarían a favor da moción, manifestou que consideraba asombroso que se tivese que traer unha moción a pleno para realizar un estudo sobre este asunto de máxima importancia para o concello e sobre o que hai que ser rigoroso, o que amosa certa deixadez.

A **Sra. Aguin Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, anunciou o voto favorable á moción.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo** indicou que o 90% dos hoteleiros minten cando falan de ocupación e sinala que quere saber as persoas que poden residir en Sanxenxo nunha situación de “overbooking”, lembrando que as persoas que non pernocten podíanse considerar de moitas formas, incluso excursionistas, pero non turistas.

A **Sra. Alcaldesa** indicou que xa coñecía a existencia de 14.000 camas para dormir no concello, aparte os apartamentos e que a poboación vinculada dende o mes de maio á outubro é de 35.000 habitantes, para o resto dos datos recalco que a fiabilidade máxima conseguíase cos consumos de auga e lixo.

Nestre intre, sendo as vinteunha horas e trinta minutos, personouse na sesión á **concelleira do BNG, D^a Gloria González Camiña**.

A continuación a **Sra. Presidenta** someteu a moción a votación na que, pola unanimidade dos membros da Corporación, resultou aprobada nos termos mais arriba transcrita.----

369: MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO SOLICITANDO SE INCORPORE Ó REGULAMENTO UN CODIGO DE BO GOBERNO LOCAL (R. DE ENTRADA NUM. 9094 DO 17/12/09). Polo **Sr. Rodríguez Lorenzo, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, dáse lectura á moción que literalmente di:

“”””José L. Rodríguez Lorenzo, representante de VIPS (Veciños Independentes por Sanxenxo) en la Corporación manifiesta:

Recientemente la ejecutiva de la Federación Española de Municipios y Provincias (FEMP), que agrupa a la mayoría de los más de 8000 ayuntamientos de España, aprobó por unanimidad un CODIGO DE BUEN GOBIERNO LOCAL para combatir la corrupción en la Administración local. Es una declaración de intenciones (que a VIPS le gustaría que fuese ley punible en caso de incumplimiento).

Entre las medidas propuestas figura la recomendación de que alcaldes y concejales rechacen los regalos, un mayor control de los contratos públicos y subvenciones y la obligación de los gobiernos de mantener “reuniones periódicas con la oposición”.

Por todo ello someto a la consideración de la Corporación, la siguiente

MOCION

Que se tome el acuerdo de incorporar al reglamento y normas internas UN CODIGO DE

